


III SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

“A GUERRILLA E OS CAMPOS DE CONCENTRACIÓN”



MELIDE ↔ RIANXO
(PADRÓN-LOUSAME-MUROS)

1, 2 e 3 de xuño de 2012

Para poder levar a cabo o III Seminario sobre a Memoria,

Quero dar o meu agradecemento a:

Xesús Costa Rodil

Xesús Santos Suárez

Francisco Martínez López "Quico"

Xaquín Yebra-Pimentel Rodríguez

Por poñer a nosa disposición os seus coñecementos

Así como a:

Nova Escola Galega

Barbantia

Revista Galega de Educación

Santillana-obradoiro

Os concellos de Melide, Lousame e Rianxo

Os IES de Melide e Félix Muriel de Rianxo

Polo seu apoio organizativo

A

Xosé Tomás Díaz Teijo

Polo cartel do III Seminario

E sobre todo a

Paco Veiga García

Pola súa incansable dedicación

Índice

De Melide a Rianxo	1
Compostela - Lavacolla	1
Unha fosa en Teo acolle os restos de 4 guerrilleiros	2
Padrón	3
Campo de concentración, fábrica de azucre	3
Casa dos Cóengos, hoxe fundación Camilo José Cela	4
Cociña dos soldados, garaxe de autos Jaime	4
Lámpadas Iria S.A.	4
Cemiterio de Adina (Iria)	4
Represión	4
Outras	5
Ponte Beluso	5
Lousame	7
Minas de San Finx	7
“María de Cruído”	8
“Curuxás”	8
“Fuxidas”	9
Muros	9
Monumento aos fusilados	9
Maximino Martínez Fernández,	10
Luís Barrena y Alonso de Ojeda	10
Os Campos de Concentración	11
Represión	12
Traballos	13
Rianxo	13
Praza de Castelao, (plaza del Generalísimo)	14
Peirao das Obras	15
Túnel da Pendorella	15
Campo de Concentración	15
Cemiterio de Rianxo	16
Punta Fincheira	16
Torres de Baltar	17
Represión	17
Traballos	18
Mestres represaliados en Rianxo	18
Manuel Rodríguez Castelao	18
José Losada Castelao	19
Rafael Dieste González	20
A guerrilla polo Barbanza	20
Andrade García, Benigno "Foucellas"	20
López Novo, Vicente "Hijo de la Nova"	22
Bazarra	23
"Corcheiro"	22
Agrasar Cajaraville, Manuel "Barbarroja"	23
Antonio Seoane Sánchez	23
Bibliografía	24

De Melide a Rianxo

Compostela - Lavacolla

Tras deixar atrás Melide pasaremos por Compostela, onde existiron dous campos de concentración: o de Santa Isabel e o de Lavacolla. Este último, agrupado en batallóns e unidades de traballo -como o batallón número 31, formado por 388 prisioneiros- acolleu o maior número de represaliados, aproximadamente entre 2.000 e 3.000 homes, que participaron na construción dunha escola de aviación e no futuro aeroporto. Cada prisioneiro cobraba entre 2 e 2,5 pesetas por día de traballo. Este campo foi pechado en novembro de 1939. Poucos meses despois instalouse no centro un batallón de prisioneiros que desde 1940 traballou nas instalacións co obxectivo de converter Lavacolla nun aeroporto transoceánico. En Lavacolla, os presos amoreábanse nunha antiga fábrica de curtidos, onde hoxe está edificado o hostel San Paio. Na visita realizada por un xeneral franquista a Lavacolla no ano 40 deixa constancia desas condicións nun informe oficial. Este xeneral relata que *o teito tiña pingueiras, o chan era de terra pisada, os habitáculos estaban sobrecargados, a alimentación era insuficiente e o calzado era malo, cun único uniforme todo roto... As condicións eran nefastas*¹.

Continuamos a viaxe por estrada deica Ameneiro, Calo. Durante a Guerra Civil o envío de víveres para o exército franquista adoitaba ser frecuente. Así, en febreiro de 1937, *estes veciños do concello de Teo doan unha tonelada en patacas e fabas para o Glorioso Ejército Nacional*².

A parroquia de Ameneiro, en Calo (Teo), é o lugar de nacemento de Jesús Liste Forján, máis coñecido como **Enrique Líster**.

Na casa situada a carón da estrada Santiago-Padrón, no km 71, naceu Enrique Líster. Emigrou aos cinco anos a Cuba, onde permaneceu nove anos. Alí afíliase ao Partido Comunista, retorna a España, reside en Galiza entre 1928 e 1932 dedicado á organización do Partido e do Sindicato de Oficios Varios de Teo, sendo encarcerado en varias ocasións. No ano 1932 emigra a Moscú, fórmase como leninista e militar e regresa a España en 1935 sendo nomeado instrutor das milicias obreiras e campesiñas.

Ao longo da Guerra Civil foi sucesivamente Comandante-Xefe do 5º Rexemento, Organizador e Xefe da 1º Brigada Mixta e da 11 División e Coronel-Xefe do V Corpo do Exército. Tomou parte nas batallas de Guadarrama, Talavera, na defensa de Madrid, nas batallas



Enrique Líster

do Jarama, Guadalajara, Brunete, Aragón, o Ebro e Cataluña. Ao rematar a guerra refúxiase en Moscú, onde seguiu estudos na academia militar, acadando o grao de xeneral soviético, polaco e iugoslavo. Tras loitar na II Guerra Mundial volve a España no ano 1970 e por diferenzas con Santiago Carrillo abandona o PCE. En 1973 fundou o PCOE.

O seus irmáns: **Constante**. Foi tenente de alcalde de Teo ata o estoupido da Guerra Civil. Estivo preso no cárcere do Pazo de Raxoi, de onde é sacado para ser asasinado. O seu cadáver nunca apareceu. **Faustino**. Presidente do Sindicato de Oficios Varios de



Casa natalicia de Lister

Teo, foi xulgado en Compostela por rebelión co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Compostela. **Eduardo**. Fuxido durante a guerra, posteriormente entrégase. Xulgado en Santiago por rebelión co resultado de sentenza a cadea perpetua. **Aurora**. Leiteira de profesión, percorría as rúas de Compostela facendo a repartición polas casas. Debido á súa firme ideoloxía comunista, foi perseguida pola Garda Civil, torturada e encarcerada.

Unha fosa en Teo acolle os restos de catro guerrilleiros

Un dos guerrilleiros que asentaron ao sur de Santiago, na bisbarra de Teo, foi o "**Foucellas**", realizando durante o mes de maio varios atracos en Lampai-Teo. Sábese que roldaban a aldea de Mallos, en Lampai, e hai constancia de que visitaron a casa de Manuel Rial e de Maximino García para lles pedir comida e roupa. O 19 de maio de 1948 a Garda Civil localiza o grupo en Loureiro-Luou-Teo, sorprendéndoos nun pendello e, tras un enfrontamento coa morte dun axente, en contra do que se pensou nun principio so morreron dous dos seis fuxitivos. O nome dos forasteiros –baixo este apelativo figuran no libro parroquial da época- eran Ricardo Fernández Carles, de Pontecesures, e Manuel Agrasar Cajaraville da Matanza-Padrón




Pendello onde tivo lugar o tiroteo

coñecido como "Barbarroja". A Garda Civil detivo a poucos metros do alpendre no que se produciu o tiroteo a Vicente López Novo, natural de Ribeira, ao asturiano Constantino Méndez que forojn fusilados ao amencer do día seguinte na paraxe chamada Cruz de Loureiro. O lider da banda, Benigno Andrade, O Foucellas, e o seu lugartenente José Ramuñán Barreiro, Ricardito, saíron ilesos da emboscada. A morte destes catro guerrilleiros supón a práctica liquidación do destacamento "Manolito Bello".

Padrón

Padrón, nos anos da Guerra Civil, representaba un nó fundamental de comunicacións por estrada para a bisbarra da Barbanza, que podía conectar, a través de Noia, coa estrada de Muros. Por outra parte, ao posuír unha estación de ferrocarril que permitía a conexión con Vilagarcía, Pontevedra, Vigo, Santiago e Monforte para acceder á Meseta, resultaba un centro estratéxico para a chegada e saída de continxentes de prisioneiros de guerra republicanos, de tropas da comarca para a fronte e de todo tipo de efectos (víveres, vestimentas, produtos manufacturados, etc.).



Campo de concentración, fábrica de azucre

O Campo de Concentración estivo encravado na parroquia de S^a M^a de Iria, inmediata á vila do Sar, nas instalacións fabrís dunha azucreira fundada en 1899, aproveitando as facilidades da liña ferroviaria Santiago-Carril. Estaba preto do río Sar, formado por un conxunto de grandes edificios. Un vasto campo polo poñente completaba o recinto. Todos os edificios estaban en pé en 1936. O conxunto foi rodeado por un valo de arame de pico.

A finais de 1901 comezou a produción e en 1903 integrouse na “Sociedad General Azucarera Española”. Anos máis tarde cesou na súa actividade.



Campo de concentración, fabrica de azucre

Na inactiva factoría azucreira de Iria-Padrón instalouse o Campo de Concentración de prisioneiros de guerra dende o Nadal de 1937; *os prisioneiros baixaban do tren, fronte ao Campo, vixiados polos soldados.*

Máis tarde foi utilizada como campo de tránsito para os prisioneiros que chegaban en tren e que eran levados tanto para os campos de concentración de Rianxo como para o de Muros-Vieta.

Casa dos Cóengos, hoxe fundación Camilo José Cela

A carón da azucreira, nunha das casas dos cóengos da Colexiata, estivo instalado o Cuartel da Garda Civil e noutra delas instaláronse os mandos do Campo.



Casa do Cóengos, hoxe fundación Camilo José Cela

Cociña dos soldados, garaxe de autos Jaime

Fronte da casa dos cóengos estaba o garaxe da “Empresa Jaime”; este local foi utilizado polos soldados como cociña.



Cociña dos soldados, garaxe de autos Jaime

A “Comisión de Clasificación” instalouse nun edificio na rúa S^a M^a de Iria, que tamén estaba habitado noutra das partes polo carteiro Benito Forján.



Fábrica de lámpadas Iria S.A

Lámpadas Iria S.A.

Os pedidos de lámpadas foron moi abundantes a esta fábrica, de onde saíron para o exército de Madrid 250 a mediados de marzo e a mediados de abril, 1500 para o Hospital Militar de Talavera de la Reina, e 20 lámpadas azuis con destino ao Exército do Norte.

Cemiterio de Adina (Iria)

Na parte posterior da antiga Catedral de Iria Flavia, nun lugar fóra do cemiterio santo. Están enterrados os prisioneiros do Campo de Concentración.

Represión.

En abril de 1937, a Oficina Local de Colocación Obreira foi represaliada nomeándose unha nova.

Pola información recollida da xente de Padrón, sabemos que desta zona polo menos dez persoas foron fusiladas ou “paseadas” en Santiago de 1936 a 1940.

Outras

O Inspector Xefe do “Servicio Nacional de Timbre y Monopolios.-Cultivo del tabaco.- Zona Norte, Sector occidental”, M. Cerdeiras, dirixe ao alcalde de Padrón a petición de que convenza os campesiños para que cultivaren tabaco nalgunha terra, xa que é máis rendible cós cultivos do millo e de fabas.

Dende Padrón e do seu partido xudicial, polo camiño de ferro, saíu grande cantidade de alimentos e roupa, lámpadas da fábrica de Iria S.A., chatarra... para o exército franquista.

Ponte Beluso

Entre o 22 e 23 de xullo, mozos da zona de Beluso dan conta ao Concello de Boiro de *haber destruído el puente Beluso*, xa non podían pasar as forzas do Exército por ese punto, *quedando controladas todas las comunicaciones, pues sabían por referencia que también quedara inutilizado el puente de San Justo, en la carretera de Noya a Santiago.*

Volveron posteriormente a Abanqueiro, sospeitando *que un destacado xefe dereitista* (chegouse a pensar no Xeneral Sanjurjo, que estaba exiliado en Portugal) *ía desembarcar polas costas da península da Barbanza.*

Fuxidos

O caso de Celestino Horta, de Bealo, e dos seus “compañeiros” Rodríguez Varela “O Curuxas”, José Saavedra e Bello “da Costa” agachados no monte “do Castelo”:

Un día presentáronse os falanxistas de Boiro na miña casa con intención de me levar, e como non me encontraron, colleron o meu irmán, Agustín e matárono no Confurco, baixando cara Chave.

Eu dinme de conta de que volverían por min, e escapei para o monte xunto aos de Varela. Alí onde estabamos nunca viñera a forza. O único que tivemos alí foi cando feriron a Bello da Costa, estando os dous sos, marchamos por ese monte arriba, na restreba, foi o último día que estivemos xuntos. Entón chegou



Confurco

unha forza, eu estaba deitado, e Bello alí, pegaron uns tiros, collín o que puiden, e dime Bello: ti escapa. Escapei, eu contaba que o mataran. Marchei, pasei todo o río á parte de alá, ata Landeiras e metinme no medio dunhas silveiras, na silveira agardei ¡ai Dios mío, agora si que vai ser un disloco. Mataron a Bello!. Estiven alí no medio da silveira ata que vin unha muller, puxen os prismáticos e coñecina, era a señora Constantina, e díxenlle, veña acá! Ao verme empezou a chorar, conteille o que pasara, e díxenlle, se está Manuela a Panadeira, pero non digas nada, que veña xunto a min, que lle quero dar unha noticia. De alí a dúas horas veu a Panadeira e conteille o suceso, e díxenlle: ti pasas a noticia á casa de que estou ben e que hei de ir de noite (...) porque ao ver que o meu compañeiro estaba morto... Nós alí tiñamos un refuxio moi grande, que viñeron tirar tiros e nada máis que lle deron un tiro nunha man, pero había uns buratos grandes que viñan dar cerca da estrada, onde pasaba auga, e el meteuse debaixo como un raposo e non había deus que o vira.

Andaron cacheando, cacheando, ata que se fartaron e marcharon. Non o encontraron. Logo chegamos a Chave, serían as dúas da mañá, todo polo monte, e despois marchamos para o refuxio...

Unha vez Varela veu vir a miña muller pola estrada. Eu collín os prismáticos, e dixeron: Vén mal...! Non ves aqueles que están na leira... Efectivamente, seguirona, pero ela decatouse de que a seguían e fixo o tempo, ata que cansaron e marcharon, e ela veu para xunta de nós. Eses dous viñéronte seguindo (díxenlle á muller). Pois eses dous, e agora son aqueles que están acolá, pois... xa acabaron de traballar (díxolle Varela). Eu non deixei que saíra, e que non lles fixera nada.

Un día recibín unha nota, que dicía: Amigo Celestino: métete debaixo da terra que para ti non hai salvación.

Era así, durmir debaixo dunhas pedras, comer o que se podía. De comer levábanos algunha familia, tamén a miña muller cando podía, pan... e a outros compañeiros traíanlle doutro sitio³.

Finalmente entregábase no cuartel de Compostela. A súa muller, Manuela Creo foi detida e o seu irmán, Agustín, paseado, o seu cadáver apareceu no camiño veciñal do Alto do Confurco, a súa morte é rexistrada en Lousame a causa de hemorraxia cerebral por feridas con proxectís de arma de fogo.

Lousame

Minas de San Finx:

A explotación desta mina, pasou por tres grandes períodos:

Época romana ou prerromana, segundo testemuñan a antigüidade de certos traballos ao descuberto e interior, así como a toponimia local (pertence á parroquia de *Vilacoba* e emprázase no lugar de *Covas dos Mouros*).

Idade Media. Explótase para o beneficio de estaño con destino ao consumo local: obradoiros de orfebres de estaño e prata en Compostela (Picheleiros), abastecidos tamén con estaño de Ourense e Inglaterra.

A partir de 1884 iníciase a súa explotación racional, de mans dunha familia de orixe británica (familia Burbury). No ano 1897, establécese a sociedade "The San Finx Tin Mines Ltd.", constituíndo a primeira explotación de Volframio iniciada en España e unha das primeiras de Europa. Acométense instalacións tecnicamente punteiras para a súa época (conservándose na actualidade, por exemplo, as dúas primeiras separadoras



Mina de san Finx

electromagnéticas montadas en España, en perfecto estado de conservación) e realízanse considerables labores mineiros. Para Lousame, o século XIX representa un auxe industrial digno de consideración: fábricas de papel de Fontán e Brandía, as curtidoras, a mina de San Finx.

Co paso do tempo, a mina chegou a dar emprego estable a 400 persoas, xurdindo un poboado mineiro ou colonia con toda a infraestrutura necesaria: unha arquitectura moderna, incorporándose novos materiais, cinema, electricidade, auga, escola, xardíns, piscina, pista de tenis, xerencia, médico, Garda Civil..., e conflitos laborais froito das extremas condicións de traballo que sentenciaban os traballadores a unha morte segura por silicose aos 5-10 anos de traballo, o que se traduce na aparición dun dos primeiros movementos sindicais de Galicia en 1918.

En 1940 disólvese a sociedade británica e a mina pasa a Industrias Galegas, S.A., sociedade que a explota 25 anos. Durante a Guerra Mundial, constitúe un foco industrial do máximo interese con motivo da chamada "fiebre del wolfram": a poboación flotante crece máis de 1000 persoas, explotando superficialmente volframio que venden á propia mina ou a axentes dos gobernos británico e alemán.

Con posterioridade, a explotación normalízase, manténdose ata o ano 1990. De entón á actualidade, realízanse tarefas de vixilancia e mantemento. A partir de 2008 volveuse extraer volframio.

Na actualidade estase rehabilitando o poboado da mina e xa está acondicionada como museo e centro de interpretación a antiga escola. Isto supón o rexurdir deste lugar que tanta importancia, a todos os niveis, tivo para Lousame.



Traballadores da mina de San Finx, entre eles esta Curuxás

“María de Cruído”⁴

Era unha desas mulleres que se botaron ao monte en San Finx para coller uns quilos de volframio. Tiña 22 anos e unha filla de quince meses e foi con moitas outras mulleres coller algo de mineral. O 5 de outubro do 43 había unha morea de xente. Chegaron os gardas civís e o cabo Ríos comezou a disparar, suponse que cara ao ceo. Pero a esta muller déronlle polas costas, atravesáronlle o estómago e morreu alí mesmo. Este feito deixou unha grande pegada na memoria popular, mesmo se puxo unha cruz na escombreira. Todo o mundo coincide en que non fixera nada malo e que foi unha morte de balde.

“Curuxás”

Chamábase Ramón Rodríguez Varela. Comezou sendo lexionario pero xa nos anos trinta meteuse a mineiro en San Finx. Alí entrou en contacto co anarcosindicalismo galego. Cando o golpe de estado foi á Coruña cos outros mineiros para actuar contra os rebeldes sen éxito e tivo que se botar ao monte. Foi o artífice dun dos grandes triunfos da Guerrilla durante a Guerra Civil. O 14 de abril de 1937, no aniversario da proclamación da república, roubou os cartos das nóminas da mina. A partir do 37, coas loitas que houbo na guerrilla polos intentos do Partido Comunista por controlar todo, seguiu de fuxido pola súa conta na zona de Toques. Morreu por causas naturais no 67, coa aureola de non ter sido nunca atrapado por Franco⁵.

“Fuxidas”⁶

Houbo moitas **militantes da solidariedade** que axudaron a concelleiros republicanos, a homes significados da esquerda, a responsábeis de centros, asociacións, de organizacións sindicais, persoas comprometidas coa República, en definitiva.

Nesta actividade, cómpre mencionar a **Antonia de la Torre Martínez**, unha mestra que exerceu en Fruíme-Lousame desde 1916 a 1964 ininterrompidamente. Ela, xunto co crego de San Martiño de Fruíme, **Xosé Quintillán** (houbo algunhas excepcións na igrexa) e o médico das minas de San Finx, **Teo Hidalgo**, axudou na posguerra aos fuxidos: dáballes acubillo nunhas dependencias que había ao lado da casa-escola, onde estaba o pallote dos coellos e mais o galiñeiro. Era un lugar moi axeitado para que entrasen alí pola noite porque a casa estaba situada ao final daquela pequena aldea, ao lado dunha correioira que levaba a outra aldea. Outras veces agachábanse no Casal de Mouros do Monte Castelo, e a mestra enviáballes roupa, notas, comida a través dun “correo”, Blanca Rodríguez Vicente, natural de Leiro (Rianxo) que vive desde moi nova no lugar de Ces e ten na actualidade 84 anos. Blanca ía ao batume por aquela zona e metía todo nun saco, entre o fouciño e as cordas, ben disimulado. Entendíase moi ben con Antonia de la Torre e, por outra parte, sabía ben o que facía: na súa casa de Leiro, o avó tiña xente agachada nun palleiro e polas noites levábaa dun lado a outro nunha barquiña.

En Maxide, lugar do concello de Lousame, a casa da familia formada por **Manuel Alborés Fernández**, concelleiro de Lousame en 1931, e por **Teresa Martínez Nimo**, nai de sete fillos, foi punto de apoio de moitos fuxidos. Chegou a haber dezasete agachados mais houbo dous de Boiro que permaneceron moito tempo: Felipe “O Chono”, e, sobre todo, Benito Segade, concelleiro polo Partido Galeguista en 1936. Tras saír do cárcere en Santiago, onde foi inmortalizado nun debuxo de Camilo Díaz Baliño, permaneceu nesta casa de Maxide varios anos.

Muros

Monumento aos fusilados

Colocouse un monólito en recordo ás vítimas do franquismo de Muros e Outes nun lugar próximo á Coviña, entre Esteiro e O Freixo, no que fora asasinado o deputado en Cortes de Izquierda Republicana, **Luís Barrena**, cando era conducido a Santiago por un comando falanxista, e en particular aos sindicalistas outenses **Cipriano del Río**, fusilado en Boisaca, Santiago, veciño de Tarás, **Maximino Martínez**, de Ceilán, sindicalista fusilado por defender



Monólito en recordo ás vítimas do franquismo de Muros e Outes

a legalidade republicana que naquel momento representaba o seu ideal de liberdade e igualdade, **Pedro Pregue**, veciño de Torea, tiroteado en S. Xusto-Lousame, **Libertad Alonso**, mestra de Esteiro, paseada fóra do concello e **José Álvarez**, mestre de Louro, abatido no camiño de Taxes, Muros.

Maximino Martínez Fernández,

Tenente Axudante do Batallón "Galicia", nacido en Outes (A Coruña) o 6 de agosto de 1909, fillo de Jacobo e Manuela, solteiro, mariñeiro, afiliado á CNT. Era presidente do Sindicato de Campesiños e Oficios Varios da CNT de Pontenafonso na época do golpe militar.



Maximino Martínez
Fernández

Integrado nos primeiros grupos de resistentes, escapou a Euskadi xunto a outros compañeiros, embarcando nun bou dende Muros. De Euskadi pasou a Asturias, incorporándose ás actividades da Agrupación Confederal Galaica en Asturias e ingresando no Batallón "Galicia". Cando cae o "Frente Norte" en Asturias, iníciase a retirada. Un dos grupos que viña de volta era o grupo da plana maior do Batallón co comandante Moreno. Entre eles, Maximino Martínez. Mentres durmía na palleira da cantina con outros compañeiros, os falanxistas souberon onde se aloxaban e foron por eles. Varios homes da falanxe e Garda Civil irromperon na palleira, sacaron os soldados e matáronos. Tiña 28 anos cando morreu asasinado no Acevo (A Fonsagrada)⁷.

Luís Barrena y Alonso de Ojeda, (Sigüenza, Guadalajara, 1895 - Muros, A Coruña, 1936)

Foi un político e avogado de profesión, adquirindo certa celebridade por asumir varios casos de considerable repercusión social nacional nos anos 20 e 30. Casado con Carmen Doval e pai de seis fillas.




Luís Barrena y Alonso
de Ojeda

O 17 de xullo atopábase en Madrid. Ante a sublevación militar os deputados marcharon ás súas provincias para colaborar cas autoridades no mantemento da orde constitucional, Dado que Melilla foi a primeira cidade española en caer en mans franquistas, decidiu ir á Coruña de onde era a familia da súa muller. En Muros tiñan unha casa, onde adoitaban pasar o verán.

Colleu o tren á Coruña o 18 pola noite coincidindo co deputado desta provincia, José Miñone. Na estación esperábaos o deputado García Ramos, dirixíronse os tres entrevistarse co xeneral Salcedo que comandaba a oitava división. Non o conseguen.

Partiu cara a Muros e á noite do 21 de agosto de 1936 uns falanxistas chegaron á súa casa e obrigárono a acompañalos para “prestar declaración”. Á mañá seguinte o seu cadáver apareceu nunha cuneta ás aforas de Muros con dous impactos de bala na cabeza



Os Campos de Concentración

A Muros arriban no vapor “Llodio”, o 6 de novembro de 1937, as primeiras expedicións de prisioneiros asturianos que desembarcan no peirao e foron andando para o Campo de Anido. Posteriormente outros grupos chegaron en camións dende Padrón.

O Campo de concentración de **Anido** estivo situado no lugar de



Campo de concentración de Anido

Anido, na fábrica conserveira da familia Romaní. Pertencía a Pepito Romaní e estaba formada pola casa-habitación, onde vivían os donos, e a nave conserveira anexa á casa, na ribeira, no fondo da ría, próxima á desembocadura do río Valdexería, na parroquia de S. Xoán de Serres. Un mal camiño de carro levaba á fábrica cunha nave de dimensións algo inferiores á de Vieta. Non estaba en produción nese intre e tiña pouco espazo




Vapor Llodio

de terreo, cercado cun arame de pico.

Serviu de campo de concentración de presos asturianos, vascos, madrileños e galegos en tránsito entre agosto de 1937 e febreiro de 1938, cando estaba inactiva, albergando máis de 500 presos. Estes construíron o camiño que vai da estrada xeral do Baño ata a fábrica, nela estaban vixiados por soldados do Rexemento de Infantería “Zamora” nº 9, mentres carabineiros e gardas civís patrullaban polo exterior. Hoxe en día emprégase como restaurante⁸.

O Campo de Concentración de **Vieta** estaba situado no Cabo da Vila, na conserveira da familia Vieta. A de Joaquín Vieta, dispoñía da mesma distribución -casa e nave medianeira, algo maior que a de Anido- tamén inactiva nesa época. Unha rudimentaria estrada de terra chegaba á conserveira. Asentada no Cabo de Muros, sobre un rochedo, o mar rompe con forza nos días de temporal. Ao sur, un pequeno eixido cunha fonte, que daba auga para a fábrica. As ventás das naves estaban enreixadas.



O Campo de Concentración de Vieta

No interior estaba a enfermería cunha xanela que daba á estrada.

Nos Campos de Muros, ao parecer tan só se rexistrou oficialmente unha morte. Foi a de Pedro Boto Riesgo, asturiano de 75 anos, solteiro. Preso en Vieta e que fina o 17 de xaneiro de 1938 a causa dunha hemorraxia cerebral. Aínda que moitas testemuñas aseguran que foron varios máis os mortos en ambos campos.

É de salientar que durante os anos da Guerra Civil, moitos dos axustizados ou "paseados" que foron mortos cun tiro na caluga, figuran nos rexistros como falecidos a causa dun derrame cerebral! Macabro eufemismo para limpar consciencias de asasinios. Non sei se este é o caso?⁹



Interior do campo de concentración de Anido, aínda era conserveira

Represión

Na terra de Muros produciuse unha forte represión sobre a veciñanza, sobre persoas de Esteiro, Serres, Baño e Muros.

A alcaldía cursa unha denuncia ao Gobernador Civil contra varios veciños da vila *dando conta que varias personas de esta villa hacían una cuestación para los prisioneros rojos que se encuentran concentrados en los Campos de Concentración de esta localidad.*

Quen non se sometía sufría represión, tal e como se aprecia nunha nota manuscrita da alcaldía de Muros na que se dá conta á Superioridade dunha relación de 23 mulleres que se negaron a colaborar na confección de camisas para o Exército ou non entregaban ao seu tempo o encargo que lles fixeran.


Estos individuos que se relacionan en la hoja adjunta para las que me pemitto proponer a V.E. una multa de 20 pts. a cada una por considerarlas desafectas al Glorioso Movimiento Nacional.

Traballos

O único traballo que se sabe que levaran a cabo os presos en Muros foi no Campo de Anido, baixo o mando do Capitán Pardal; co traballo dos reclusos ampliou o camiño que dende a estrada xeral, en Baño, ía á conserveira, para que puidesen levar os alimentos ao campo.

Rianxo

O vapor “Alfonso Senra” fondea, na enseada de Rianxo, fronte a Portomouro, a pouco máis de unha milla da vila, o 14 de novembro de 1937, cuns 1047 prisioneiros da fronte de Asturias para o penal de Rianxo. Era domingo e dende Punta Fincheira veciños da vila observaban as manobras de desembarco dos prisioneiros para trasladalos á conserveira dos Goday, en lanchas que os



levarían a terra para, de seguido, seren trasladados ao Campo. Este desembarco converteuse en traxedia e morte para un grupo de prisioneiros.

Ya oscurecía cuando nos ordenaron bajar a las lanchas por varias escalas tendidas por los costados del barco. Nos metían prisa pero se bajaba con cierta dificultad, sobre todo las personas mayores, algunas de las cuales se cayeron al agua y allí perecieron, pues no intentaron salvar a ninguna.

Había mal tempo: ceo nubrado, chuvascos e vento do mar.

Ao longo de 1938 chegarán os prisioneiros en coche dende Padrón, ben do Campo de Iria, ben dende a estación de ferrocarril

Praza de Castelao, (plaza del Generalísimo)

Praza de Castelao, onde temos, ao lado da Alameda, a Capela de Nosa Señora de Guadalupe, que mandou construír Don Alonso Fernández Bastón en 1561.

Cuartel vello, Escola nº1

O Cuartel Vello é a maior delas e recibe este nome porque foi cuartel da Garda Civil. Anteriormente serviu tamén de cuartel de armas e antes aínda unha escola. Na actualidade acolle a Casa da Cultura.



Cuartel vello, Escola nº1

Unha parte da tropa utilizaba como habitación o local-escola nº 1, nos baixos do concello e o depósito municipal.

Os mandos paraban en fondas: o Capitán e o Tenente médico na de “A Chucha”. O capelán, na casa dos “doce balcóns” (que pertencía á familia Insua), taberna e fonda rexentada por Aurelia Sobradelo.

Na mesma praza de Castelao, onde hoxe se sitúa a oficina de Novagalicia Banco, estaba o **matadoiro**

Rúa de Abaixo (calle Calvo Sotelo)

Antiga Calle Calvo Sotelo, nesta rúa atopanse as casas de Castelao, Manuel Dieste, e Manuel Antonio e outra das vivendas propiedade da familia Rodríguez Castelao. Fronte da súa vivenda habitual, era o lugar onde se lles tomaba declaración e a filiación pertinente as presos. Era a

Comisión Depuradora de Guerra, como era coñecida en Rianxo a Comisión Clasificadora de Prisioneiros e Presentados (CCPP).

Peirao das Obras

Lugar de desembarco dos presos que chegaron no vapor “Alfonso Senra”. Ducias de lanchas con gardas civís e falanxistas armados acercáronse ao barco, e segundo ían enchendo de prisioneiros, regresaban rapidamente para o peirao.



Peirao das obras- Rianxo

Túnel da Pendorella.

Despois de baixar no peirao das obras, os prisioneiros camiño do Campo de Concentración tiñan que pasar polo chamado túnel da “Pendorella”, que dá acceso desde o peirao á Praciña. Para os asustadizos mozos pasar por un túnel era camiñar ao descoñecido. Non sabían co que se atoparían unha vez dentro do pequeno pasadizo. Era a fin... e de aí que puxesen certa resistencia no momento de entrar, ese intre non o esquecerían na vida...



O Tunel da Pendorella

Campo de Concentración

No lugar coñecido como “O Castillo” na punta da beiramar, aberto aos nortes e á travesía, estaba unha fábrica de salgadura de sardiñas da familia catalá dos Goday que viña de establecerse contra 1870, contaba coa casa-vivenda, as naves de salga e unha finca ao sur dunha extensión aproximada de 2500 m², onde saían os presos nos momentos libres. Todo o conxunto estaba circundado por un ancho muro de pedra, duns tres metros de altura. Dende 1925 había xa unha fábrica de luz, propiedade da familia de Angel Baltar Cortés, que en 1938 pasou á empresa “Distribuidora Gallega de Electricidad”.



Campo de concentración O Castillo

Las "chekas" de Falange, capitaneadas por los famosos Primo, Falín, "el Paxaracu", Menchaca y otros, visitaban el Campo al anochecer para identificar prisioneros. El procedimiento era siempre el mismo: Se formaba a todos los presos, se mandaba que saliesen de la formación los del

pueblo al que pertenecían los falangistas que en esos momentos visitaban el campo, se apagaban las luces y los falangistas iban revistando a los prisioneros uno a uno enfocándoles a la cara una



Interior do campo, abril, 1939. Cumprindo co Precepto Pascual. En primeira fila os oficias detrás os reclusos formados

linterna. A los que reconocían, les esposaban y se los llevaban. En muchas ocasiones se oían las descargas de los fusiles en las proximidades del propio Campo de Concentración. Con ocasión de alguna derrota de las tropas nacionalistas o de que en alguna batalla el número de víctimas del ejército franquista fuera muy elevado los fascistas de la comarca se presentaron en el Campo de Concentración con el propósito de vengarse fusilando a los prisioneros, pero el mando del Campo nunca dio su autorización.

Dende outubro de 2003 erguese, mesmo a carón, un monólito na lembranza dos prisioneiros.

Cemiterio de Rianxo

Neste lugar visitaremos a placa en recordo dos presos que están enterrados neste campo, o concello correu cos gastos dos ataúdes para os enterramentos dos prisioneiros mortos por enfermidade”.

Aquí atópanse enterrados, os irmáns Insua, mestres represaliados, e outros familiares de Castelao, e Rafel Dieste e a súa dona.



Placa en recordo dos presos que están enterrados neste campo

Tamén José Carnero Valenzuela, Químico e farmacéutico, que fora condenado a morte polas súas alocucións republicanas en *Unión Radio Galicia* (un informe militar sostén que Carnero dedicouse a *insultar al Ejército y al verdadero pueblo que siente a España, excitando a la rebelión*) en Santiago. Foille conmutada a pena e traballou de penado nunha mina de volframio en Silleda. Con gran fortaleza de ánimo, Carnero elaboraba para os seus compañeiros tranquilizantes e somníferos cunha simple fórmula: bólas de miolo de pan tinguidas con trementina¹⁰.

Punta Fincheira

Neste lugar é onde se atopa o Campo de Concentración, fronte á punta de Portomouro, onde o vapor “Alfonso Senra” (e despois o “Simancas” que fora capturado o 11-9-36 ao ir entrar en Xixón procedente do Mediterráneo, foi convertido polos sublevados en transporte artillado e

primeiro mercante nacional que entrou no Musel, tras a caída de Asturias) desembarcou os cativos da fronte de Asturias que traía. Neste lugar eran obrigados a bañarse os prisioneiros, aqueles que non sabían nadar agarrábanse fortemente ás rochas para non afogar.



Placa homenaxe o preso en Rianxo

Torres de Baltar

Nas torres de Tanxil, como é coñecida a casa dos Baltar, pasou uns días de repouso, das súas actividades á fronte da oficina de prensa e propaganda dos sublevados, no mes de xullo de 1938 e de 1939 o fundador da Lexión Millán Astray (*o noivo da morte*). Como ben recordan os máis vellos, foron frecuentes os seus paseos pola ría a bordo dunha chalana repartindo esmola en metálico aos nenos que axudaban a pescar a seus pais. Unha imaxe bucólica e de bonhomía favorecida tamén pola propaganda e a prensa daquel entón¹¹.

A súa presenza na praza da igrexa parroquial de Rianxo, arengando os moitos asistentes, sobre todo falanxistas da zona, continuaba o seu labor a través da radio e da prensa pois tiña persoal para tal tarefa, facilitado pola alcaldía de Rianxo (máquina de escribir e amanuense)



Foto: Garda do campo de concentración de Rianxo, na torre de Tanxil (Arquivo familiar de M. Lustres)

Tamén se presentou no Campo de Concentración, formándose a garda e rendéndolle honores.

No ano 1939, diante da parroquia rianxeira, presidiu o acto patriótico, con misa solemne, de descubrimento e beizón da lápida dos “caídos” e discurso. Todos estes actos servían para inchar máis os ánimos das xentes partidarias da sublevación.

A relación do bando nacional coa vila mariñeira tamén foi intensa. A sede propagandística, cun equipo de prensa instalado por Millán Astray no chalé do Doutor Baltar, exercía unha forte presión sobre a comarca.

Represión

En Rianxo, as autoridades franquistas practicaron a represión: cortes de pelo a varias mulleres da vila, “las rojas”, prisión no Concello de membros da Corporación Municipal galeguistas e de afiliados ao partido que, ademais, foron obrigados a traballar, moitos días, no amaño da estrada de

Rianxo a Burés: veciños a quen o Garda Civil Claudio Alarcón cruzaba a cara, paseo duns oito homes entre agosto e outubro de 1936...

O alto de Paredaguas, entre Rianxo e Dodro, foi un dos sitios sinistros na xeografía do terror en Galicia. Despois dun tempo de exposición para escarmento de vivos, as vítimas eran levadas para sepultar a unha parroquia próxima, Asados, ata que o cura, Plácido Silva, se revolveu: *Estou canso de enterrar xente da que non sei nin o nome!*⁵.

Traballos

Ofrecéronlle ao alcalde, Manuel Laíño Melón, a posibilidade de que os prisioneiros de guerra recentemente establecidos no Campo realizaran traballos de reparación das rúas, camiños, etc, *Durante un mes estiveron pidiendo todos los días veinte voluntarios para ir a trabajar en la pavimentación del muelle. Nos presentábamos todos, pues había muchas ganas de salir a la calle.*



Calle de abaixo

Leváronse a cabo o arranxo da rúa de Abaixo, o muro do camiño veciñal ao cemiterio, así como os muros do Campo, o adro e as escaleiras da igrexa, o muro da capela da Guadalupe, o ancho da Fincheira e as Cortes para a estrada de Leiro. Por estes traballos os presos percibirían como gratificación unha peseta diaria.

Mestres represaliados en Rianxo

Ao longo da xeografía do Barbanza, como do resto de Galiza e España, levouse a cabo unha forte represión contra o ensino. Uns dos exemplos podemos velos en Rianxo¹²:

Manuel Rodríguez Castelao.

Mestre Nacional de O Pazo (Rianxo), 31 anos. Curmán de Castelao. Medio irmán de José Losada Castelao. Os dous eran chamados en Rianxo os “irmáns Insua”, polo pai de Manuel. Home fundamental para a fundación do Partido Galeguista de Rianxo e o concelleiro máis activo na primeira corporación da República, como portavoz da minoría republicana federal e galeguista. No ano 1934 renuncia á concellería por causa da incompatibilidade ao desempeñar a función de mestre

de Instrución Pública, pois aprobara a oposición, no tribunal de Santiago, obtendo o número 27 dun total de 244 varóns presentados.

Defende na IV Asemblea do Partido Galeguista, o 14 de abril de 1935, o relatorio “Fomento Pesqueiro”. Pintor e animador cultural. Promove, na parroquia de Asados, en 1933, a organización dun grupo de teatro –xermolo do que máis tarde se chamará “Airiños” e que hoxe segue vivo-. O 28-08-1936 prodúcese a súa destitución e cese, que se confirma o 15-09-1936. A Comisión Depuradora provincial esíxelle en febreiro de 1937 comunicar o seu enderezo. Mais el e seu irmán José están escapados. En xullo de 1940, o Ministerio de Educación Nacional decreta a súa separación definitiva do servizo e a baixa no corpo de mestres. A súa trágica morte no bou “Eva”, foi unha desgraza para o ensino e para Galicia.



José Losada Castelao.

Os irmáns Insua e Castelao

Mestre Nacional da escola nº 2, de Rianxo, curmán de Castelao, de 44 anos. Membro fundador do Partido Galeguista de Rianxo, no mes de outubro de 1935. Sancionado con destitución e cese o 28-08-1936. En febreiro de 1937, a Comisión Depuradora publica no Boletín Oficial Provincial o requirimento para que indique o seu domicilio, pero José, xunto a seu irmán mestre, Manuel Rodríguez Castelao, vivían fuxidos e escondidos dende os empezos da Guerra Civil. Do seu bondadoso carácter ofrecemos estes testemuños ... *José é un rapaz sumamente agradable, con quen se pode falar de moitas cousas. Ten, ademais, madeira de bo galego*, dicía Manuel Antonio en 1922. E Eduardo Dieste, cando coñece a trágica morte de José, en abril de 1937, en Vigo, comenta: ...*Por esto sólo, ya no ganarán la guerra porque han matado un santo.*

Perseguidos el e seu irmán polos falanxistas e Garda Civil, conseguen chegar a Vigo –*fuxiron de Rianxo disfrazados de muller para no seren recoñecidos*- coa intención de poderen fuxir en barco. Foron protexidos na cidade pola familia de Nogueira e Isla Couto.

O plan de evasión fora estudado pacientemente. Prepararan ao efecto o bou de nome “Eva”, con base no porto vigués. No intre en que os fuxitivos, con outros seis homes e unha muller, entraron nel, decatáronse de que un mariñeiro estaba a bordo, e, para desgraza de todos, permitíronlle marchar coa promesa de que non os delataría. Non foi así: o suposto delator veciño do Concello de

Rianxo, patrón do dito barco, apenas abandonou o barco, denunciounos. A policía portuaria mobilizouse e cercou o barco coas súas embarcacións. Era na madrugada do 23 de abril de 1937. No peirao vigués produciuse inmediatamente un enorme despregue de forzas represoras. Primeiro intentaron que saíran un a un, sen éxito, logo, arrimaron un barco alxibe do porto e asolagaron a bodega do bou; primeiro con auga fría, despois con auga fervente. Os acosados non saían e deseguido oíronse uns disparos¹³

Rafael Dieste González.

(Rianxo, 1899-Santiago, 1981) Mestre de Ensino Primario. Exerceu a carreira pouco tempo nunha academia particular, en Ribeira, onde tamén estaba o seu compañeiro de exilio Otero Espasandín. Tivo unha presenza importante nesta zona durante a II República polas actividades das Misións Pedagóxicas, como director do Teatro Guiñol, alentando as veladas teatrais, e sobre todo, fomentando bibliotecas escolares, que logo serían desmanteladas pola intolerancia do réxime franquista.

Rafael Dieste tivo que exiliarse, ao final da Guerra Civil, en América, despois de pasar, en compañía da súa esposa Carme Muñoz, por campos de refuxiados republicanos, en Francia.

A guerrilla polo Barbanza

Andrade García, Benigno "Foucellas"

Benigno Andrade García "Foucellas". Comunista, naceu en Foucellas, parroquia de Cabrui, Mesía (A Coruña) o 22 de outubro de 1908. Veciño de Curtis, fillo de Andrés Andrade Lata e de Francisca García Paz, estivo casado con María Pérez Mellid, de nacionalidade arxentina, desterrada a Valladolid por axudar aos guerrilleiros. Xornaleiro, traballou no campo, nunha leitaría, nas minas de carbón de Fabero (León) e en xullo de 1936 nun serradoiro en Curtis. En 1934 Benigno Andrade participa na fundación dunha célula comunista que comezaron a organizar en Curtis o médico Manuel Calvelo López e a súa esposa, Isabel Ríos Lazcano. Ao inicio da sublevación franquista dirixiuse en compañía doutros veciños á Coruña para faceren fronte aos sublevados, pero só chegaron ata a Ponte da Pasaxe, disolvéndose. Logo marchou aos montes de Graña, nos termos de Curtis e Mesía. Recibiu a axuda da súa irmá Consolo, que traballaba no Cuartel da Garda Civil de Curtis. Cando a presión da policía era escasa traballaba como "cesteiro" e en labores propios do campo. Durante os primeiros anos de "escapado" enfermou de difteria, agochándose na casa de Isabel Ríos, en Curtis.

Ocúltase en casas durante longas tempadas e cando sospeita que a forza pública pode facer acto de presenza volve ao monte. Durante o período de 1936 a 1944 as autoridades non foron capaces de encontralo culpable en ningunha das varias causas que lle foron abertas. Acompañábano nos primeiros 40: "Emilio" ou "Claudio Beas", "Flores", Jesús Lavandeira, secretario xeral da CNT

de Betanzos, e Lisardo Freijo "Tenente Freijo". Inducido por Manuel Ponte para entrar na guerrilla organizada, a principios de 1945 formaba parte do destacamento "Santiago Álvarez" da IV Agrupación (A Coruña) do Exército Guerrilleiro de Galicia, ao mando do "Tenente Freijo". A 4ª Agrupación despregou as súas partidas polas bisbarras do Ferrol, Pontedeume, as Mariñas, Mesía, Frades e Curtis. O 15 de marzo de 1945 Benigno Andrade formaba parte da partida que deu morte ao cabo da Brigadilla de Información da Garda Civil, Manuel López Bello, en Curtis.

Quince días máis tarde férese nun xeonllo coa súa propia arma cando cabalgaba polo monte. Tras ser recoñecido polos médicos de Ordes e de Tordoia, desprázase a Santiago de Compostela, ingresando no sanatorio do doutor Baltar co nome suposto de Juan Fernández. Máis tarde trasládase á Coruña e ingresa no Sanatorio de Santa Lucía, co nome de Juan Fernández, onde é visitado pola súa prima, Josefina Brañas, e uns veciños desta na barriada de Monelos, Francisca Souto e Manuel del Valle, en cuxa casa permanecerá a se recuperar durante tres meses. Aquí visítano a súa muller e Isabel Ríos. Máis tarde reside outra temporada na casa de María Novo, onde moraban os dous fillos habidos fóra do matrimonio, Benigno e Carmen, en Ru-Vilasantar. O 13 de marzo de 1946 a Garda Civil de Curtis procedeu a rexistrar o domicilio de María Pérez Mellid, esposa de "Foucellas", encontrando dentro dunha bolsa da compra un sobre que contiña dúas cartas, unha delas asinada por Jesús Balboa, dirixidas ao xefe guerrilleiro Manuel Ponte, e outra carta asinada pola súa irmá, Carmen Balboa. A raíz diso foi desmantelada a organización comunista en Santiago, sucedéndose as detencións. O 26 de xuño de 1946 a Garda Civil puxo cerco á partida de "Tenente Freijo" cando se encontraba a descansar nun palleiro na aldea de Milreo, en Fervenzas, concello de Aranga, morrendo no enfrontamento tres guerrilleiros: Manuel Rodríguez "Marrofer", Lisardo Freijo "Tenente Freijo" e José Doldán. "Foucellas", que se encontraba escondido noutra edificación, xunto a outros guerrilleiros, logrou fuxir sen que a forza pública advertise a súa presenza. Tras a morte de "Marrofer" é Manuel Ponte quen asume a xefatura da IV Agrupación, sendo destinado "Foucellas" á partida que operaba na zona de Curtis. O 6 de xaneiro de 1947 Benigno Andrade participou no asalto á casa do correspondente de Previsión e delegado sindical de Mesía, Antonio Mosquera, resultando mortos este e un veciño que se atopaba na casa, Manuel Sánchez. Tras a caída de Manuel Ponte o quince de maio de 1947, celebrouse unha reunión presidida por Gayoso, á que tamén asistiu Antonio Seoane "Julián", xefe do Exército Guerrilleiro de Galicia. Nela decidiuse que "Foucellas" saíse cun grupo cara á provincia de Pontevedra, co obxecto de alimentar un foco armado que aliviase a presión que as forzas franquistas exercían sobre os guerrilleiros de A Coruña. Creáronse dous novos destacamentos, o "Manuel Ponte", entre Ourense e Curtis, e o "Manuel Bello", na zona do Miño, ao mando de "Foucellas". Nas súas declaracións ante o xuíz tras ser detido en 1952, "Foucellas" negou ter ostentado a xefatura da V Agrupación, sinalando a Miguel "Corcheiro" como o xefe desta. Con todo, unha carta aberta publicada en *Mundo Obreiro* en xuño de 1948, aparece asinada por "Foucellas" e "pola V Agrupación", a de Pontevedra.

O 10 de febreiro de 1948 formou parte do grupo que axustizou o falanxista Jesús Cuñarro, un taberneiro da parroquia de Cercio, nas proximidades de Lalín, Pontevedra, tras falar "Foucellas" aos que alí se encontraban. O 27 de abril de 1948, un grupo dirixido por "Foucellas" deu morte ao oficial da mariña mercante Ramón Mosquera en Taragoña, Pontevedra, que apareceu casualmente polo lugar cando ían asaltar unha ferraxaría. Ante o intenso acoso policial a que se ve sometido, "Foucellas" desprázase cara ao norte, asentándose ao sur de Santiago, na bisbarra de Teo, realizando durante o mes de maio varios atracos en Lampai-Teo. O 19 de maio a Garda Civil localiza o grupo

en Loureiro-Luou-Teo, morren catro deles pero Foucellas consegue fuxir. A morte destes catro guerrilleiros supón a práctica liquidación do destacamento "Manolito Bello". Tras iso, "Foucellas" abandona Pontevedra e refúxiase na zona de Curtis. Tras a execución de Gómez Gayoso e Antonio Seoane en agosto de 1948, na Coruña, vén a desmoralización entre os poucos homes que quedan nos montes. Nesta época, "Foucellas" pasa a formar parte do grupo capitaneado por Adolfo Allegue "Riqueche", denominado Destacamento "Arturo Cortizas". O seis de novembro de 1948 salva de morrer aforcados a dous veciños de Paderne, A Coruña, manipulando a corda coa que os guerrilleiros ían aforcalos. Cando lle ordenaron darlles o tiro de graza fíxoo sen dálo, manifestando á partida que quedaran mortos. O 9 de marzo de 1952, nunha cova á beira do río Mendo, na aldea de Borricios, Oza dos Ríos (A Coruña), tras ser ferido nos brazos e pernas, foi morto de dous tiros no cranio Manuel Vilar Arnos, un guerrilleiro que o acompañaba. "Foucellas" foi trasladado ao cuartel da Garda Civil de Betanzos (A Coruña), someténdoo a un intenso interrogatorio tras unhas primeiras curas de urxencia. É así como pouco a pouco vai delatando aquelas persoas que nalgún momento lle prestaran protección e axuda. Segundo Lamela: "Foron uns setenta ou oitenta homes e mulleres os que se sentaron no banco dun Consello de Guerra multitudinario acusados de protexer e axudar os guerrilleiros durante moitos anos". Ata seis días despois non se presentou o Xuíz Instrutor da causa, sendo trasladado á Prisión Provincial da Coruña o 24 de marzo. O primeiro que solicita é a visita dun sacerdote e días máis tarde dun notario para autorizar a saída dos seus fillos de España, con destino á Arxentina, país no que residía un medio irmán de "Foucellas", ademais de Isabel Ríos. O consello de guerra a "Foucellas" ten lugar o 26 de xullo de 1952 no salón de actos da Agrupación de Sanidade Militar de A Coruña, sendo condenado a morte, debendo aboar aos herdeiros das vítimas 450.000 pesetas, así como 34.500 pesetas "en proporción ás cantidades subtraídas a cada unha das persoas que foron obxecto dos roubos perpetrados a man armada". Foi executado polo método do garrote vil o 7 de agosto de 1952 na Prisión Provincial de A Coruña^{14,15,16,17,18}.

López Novo, Vicente "Hijo de la Nova"

Vicente López Novo "Hijo de la Nova", natural e veciño de Santa Uxía de Ribeira (A Coruña). Membro da V Agrupación (Pontevedra) do Exército Guerrilleiro de Galicia, con Benigno Andrade "Foucellas" e José Ramuñán "Ricardito". O 27 de abril de 1948 deron morte a un oficial da Mariña Mercante de Pontevedra, Ramón Mosquera, con ocasión dun atraco que pretendían facer a unha ferraxaría de Taragoña, concello de Rianxo. O 19 de maio de 1948, cando se encontraba xunto a Benigno Andrade "Foucellas" e con outros guerrilleiros descansando nun alpendre xunto á casa de Carmen Mosquera, na aldea de Loureiro-Luou-Teo, foron localizados pola Garda Civil. Cando esta intenta acceder ao seu interior son recibidos por unha descarga de pistola metralladora que deixa mortalmente ferido o garda Manuel Gordón. Dous dos sitiados tentan fuxir pero son abatidos polos disparos da Garda Civil. Ante a impotencia de resolveren ao seu favor o enfrontamento, incendian as dependencias onde se encontraban os guerrilleiros co lanzamento de granadas. Ao saíren ao exterior para non morreren abrasados, dous guerrilleiros resultan abatidos, mentres outros logran fuxir¹⁸.

"Corcheiro"

Incorpórase no verán de 1946 á partida dirixida por Manuel Campos "Xanote" en Pontevedra. Tras a constitución da V Agrupación (Pontevedra) do Exército Guerrilleiro de Galicia ao mando de

Benigno Andrade “Foucellas”, incorporouse a ela, pasando a dirixir unha das súas partidas na zona de Lalín. Foi morto o 9 de abril de 1948 en Siador-Silleda (Pontevedra), nunha pelexa cos irmáns Rivas¹⁹.

Bazarra

É membro da V Agrupación (Pontevedra) do Exército Guerrilleiro de Galicia. O 27 de abril de 1948 participa na morte de Ramón Mosquera, Oficial da Mariña Mercante, en Taragoña, e o 10 de decembro de 1948 na de Jesús Cuñarro Mosteiro na parroquia de Cercio, Lalín¹⁸.

Agrasar Cajaraville, Manuel "Barbarroja"

Membro da V Agrupación (Pontevedra) do Exército Guerrilleiro de Galicia, ao mando de Benigno Andrade “Foucellas”. Aparece relacionado nos atracos a Dolores de la Torre, o 30 de abril de 1948, e a Herminica Botana, en Lampai-Teo, o 5 de maio de 1948. O 19 de maio de 1948 o na aldea de Loureiro-Luou-Teo, escondidos nun pendello, situado foi abatido ao intentar fuxir^{20,21,16}.

Antonio Seoane Sánchez

Nado en Boiro o 13 de outubro de 1906 e finado na Coruña o 6 de novembro de 1948.

Emigrou a Arxentina cando tiña cinco anos, instalándose no barrio de San Telmo, onde viven milleiros de emigrantes galegos. Cando medra, comeza a traballar no xornal *La Prensa*. Foi bailarín de tango e directivo da Federación de Sociedades Gallegas, feito que o levaría a se relacionar con moitos galegos do bando republicano, fuxidos da Guerra Civil. En 1939, afiliouse ao PCE co propósito de loitar contra a ditadura franquista.



Antonio Seoane Sánchez

Volve clandestinamente a España en 1943 e logo de fallarlle os contactos establecidos en Pamplona e Barcelona onde realizou tarefas de axitación e propaganda, pediu instrución a Bos Aires e ordenáronlle dirixirse a Madrid. En 1946 chegou a Galicia como responsábel do Exército Guerrilleiro de Galicia xunto a José Gómez Gayoso.

En 1948, Julián, como era coñecido dentro do Exército Guerrilleiro e no Partido Comunista, foi delatado por un infiltrado na guerrilla, e o 10 de xullo é agardado polo Xefe do Servizo de Información da Garda Civil no bar “Barlovento” da cidade da Coruña, onde é detido por axentes da benemérita, xunto coa súa compañeira Josefina González Cudeiro. O traidor que delatou a Seoane tamén lles facilitaría información aos fascistas sobre unha reunión que tería lugar á mañá seguinte entre Seoane e Gayoso no domicilio do primeiro, situado no número 23 da Rúa Real no centro da Coruña. Cando Gayoso chega ao domicilio de Seoane é recibido por franquistas que o feren

gravemente cun disparo que lle entra pola sen e lle sae por un ollo, consegue fuxir pero ao pouco é detido completamente ensanguentado.

Despois dun Consello de Guerra sumarísimo, son condenados a morte. Seoane, como Xefe do Exército Guerrilleiro de Galicia e Gayoso, como Secretario Xeral do Partido Comunista de Galicia, sendo os máximos responsables. Saben que teñen poucas opcións de salvar a vida, pero apelan ás familias para que mobilicen a opinión internacional e exerzan presión sobre a ditadura franquista e así conseguir que lles rebaixen as condenas a outros condenados. A campaña non dará os froitos agardados e o día 6 de novembro de 1948, ás 7 horas e 45 minutos, Seoane e Gayoso son executados por garrote vil por “actividades comunistas” no Campo da Rata (A Coruña)²².

Bibliografía

- 1 SANTIDRIÁN ARIAS, Víctor Manuel (2004). *Diario del soldado republicano Casimiro Jabonero. Campo de prisioneros de Lavacolla. Prisión de Santiago de Compostela, 1939-1940*. Santiago de Compostela: Fundación 10 de Marzo-GREF.
- 2 COSTA, X, e SANTOS, X., La Voz de Galicia 28/9/2007.
- 3 COMOXO X. e SANTOS X. (2010). *Rianxo na súa historia; consecuencias da Guerra Civil (1936-1939)*. Ed. Deputación da Coruña. Celestino Horta, en 1984
- 4 <http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=15091>
- 5 PARRADO, Carlos (2009). *Curuxás, o guerrilleiro que non cazou Franco*. Vigo: A Nosa Terra.
- 6 http://www.culturagalega.org/album/mulleres_e_a_memoria_historica.php. Marco, Aurora. *Mulleres e memoria histórica*.
- 7 GARCIA-RODEJA ARRIBI, Carmen. “Memoria histórica na montaña. A recuperación dos corpos e as homenaxes aos asasinados no Acevo”. *Barbantia* nº 7 (2011).
- 8 <http://patrimoniogalego.net/index.php/2011/12/casa-anido/>
- 9 <http://homesdepedraenbarcosdepau.lacoctelera.net/post/2010/03/24/os-campos-concentracion-muros-durante-guerra-civil>
- 10 RIVAS, Manuel. “El Barco de la Memoria”, en *El País* (9 de agosto de 2006).
- 11 COSTA, X. e SANTOS, X. (2007). *Galiza na Guerra Civil. Campos de concentración e Muros, Padrón, A Pobra e Rianxo*. Santiago: Concellos de Rianxo e A Pobra do Caramiñal.
- 12 COSTA RODIL Xesús e SANTOS SUÁREZ Xesús. “De Padrón a Muros. A represión educativa e cultural (1936-1950)”, en *Barbantia* (2010).
- 13 DIESTE, R. “Unha morte lanzal”, en *Nova Galiza*, Barcelona, 15/6/1937.
- 14 AHPCE, Movimiento guerrillero, caixa 105, cartafol 3, doc. 2;
- 15 ARASA, Daniel. *La invasión de los maquis*. Belacqua de Ediciones y Publicaciones, p. 391;
- 16 SERRANO, Secundino (2001). *Maquis, historia de la guerrilla antifranquista*. Temas de hoy-Historia, pp. 36, 50, 159, 214, 218, 251, 255, 261-262, 305-308, 322, 324 e 369;
- 17 YUSTA RODRIGO, Mercedes (2001). *La guerra de los vencidos. El maquis en el Maestrazgo turolense, 1940-1950*. Institución Fernando el Católico, pp. 92-93.
- 18 LAMELA, V. Luis (2002). *A Coruña, 1936: Memoria convulsa de una represión*. Sada: Edicións do Castro.
- 19 AGUADO, Francisco (1975), *El maquis en España*. Madrid: Ed. San Martín, pp. 684-685.
- 20 LAMELA, V. Luis (2002). *A Coruña, 1936: Memoria convulsa de una represión*. Sada: Edicións do Castro, pp. 110, 114 e 116;
- 21 MORENO G. Francisco, (2002), “Huidos, guerrilleros, resistentes. La oposición armada a la dictadura”, en CASANOVA, J. (coord.) *Morir, matar, sobrevivir. La violencia en la dictadura de Franco*. Barcelona: Crítica, 265
- 22 SANTIDRIÁN ARIAS, Víctor Manuel (2003), *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*. Sada: Edicións do Castro.

Colaboradores



IES FÉLIX MURIEL-RIANXO



CONCELLO DE MELIDE



CONCELLO DE RIANXO



CONCELLO DE LOUSAME